

**RESOLUCIÓN REITORAL DE 2 DE
SETEMBRO 2024 POLA QUE SE
PROCEDE Á CONVOCATORIA DE
PROXECTOS PILOTO DE INNOVACIÓN
DOCENTE EN FACULTADES E ESCOLAS
DA UNIVERSIDADE DE VIGO 2024**

A sociedade actual é complexa, diversa, global e con cambios tecnolóxicos que modifican todas as áreas da vida humana.

Para afrontar estes retos a Universidade de Vigo quere promover actuacións de innovación docente a nivel tecnolóxico e metodolóxico nas facultades e escolas para conseguir mellorar a súa calidade docente e que o seu alumnado estea máis preparado e adaptarse mellor aos diferentes eidos da situación actual.

A Xunta de Galicia no seu convenio de I+D+i fomenta a promoción de experiencias piloto en centros docentes innovadores e servizos de virtualización de laboratorios. Para o ano 2024, no mes de agosto, aproba un financiamento de 42.000 € para as devanditas actividades.

ESTA REITORÍA RESOLVE:

- > Publicar esta convocatoria no taboleiro de anuncios da Universidade de Vigo.
- > As solicitudes presentaranse na sede electrónica da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal/>) a través do procedemento Instancia xenérica (PDI/PAS), co formulario engadido, e irá dirixido ao Centro de Posgrao e Formación Permanente, desde o día seguinte da publicación desta convocatoria ata as **23:59 horas do día 13 de setembro de 2024**.
- > Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte ao da súa publicación (ou desde o día seguinte de recibir esta notificación), de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.
- > Así e todo, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer un recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Asinado dixitalmente en Vigo.

O reitor,
Por delegación (RR 30/05/2024-DOG 10/06/2024)
O vicerreitor de Titulacións e Innovación Docente
Alfonso Lago Ferreiro

PROXECTOS PILOTO DE INNOVACIÓN DOCENTE EN FACULTADES E ESCOLAS DA UNIVERSIDADE DE VIGO 2024-2025

BASES XERAIS

I. OBXECTO DA CONVOCATORIA E ÁMBITO DE APLICACIÓN

O obxecto da convocatoria é mellorar o ensino-aprendizaxe nos centros da Universidade de Vigo a través de tres canles, da virtualización en Metaverso de actividades académicas e formativas, da implantación de metodoloxías activas e da xeración de recursos didácticos sobre sostibilidade.

II. LIÑAS DA CONVOCATORIA

- A. Virtualización en Metaverso de actividades académicas e formativas dos centros da Universidade de Vigo.
Os obxectivos de proxecto estarán directamente relacionados coas necesidades de virtualización que teña o centro en Metaverso.
As solicitudes de virtualización non poderán superar os 12.500 € por centro.
- B. Implantación de metodoloxías activas como a aula invertida, aprendizaxe baseado en proxectos, casos prácticos, traballo colaborativo, docencia baseada nas tecnoloxías dixitais e comunicación...
Os conceptos para solicitar a axuda serán directamente relacionados coas metodoloxías docentes a desenvolver: cursos de formación do profesorado do centro, conferencias, obradoiros, recursos educativos (software e hardware) para as actividades formativas...
Non se considera subvencionable o material inventariable de tipo informático xeral.
As solicitudes non poderán superar os 6.000 € por centro.
- C. Xeración de cursos de autoformación en formato MOOC para inserir a sostibilidade nas materias do currículo.
As solicitudes non poderán superar os 3.000 € por centro.

III. REQUISITOS

Poden solicitar os proxectos os equipos decanais das facultades ou equipos directivos das escolas.

Na liña A, as solicitudes deben estar vencelladas ás necesidades de virtualización que precisan as materias das titulacións dos centros.

Na liña B, as solicitudes deben indicar a metodoloxía innovadora que estrutura o proxecto docente presentado e as materias das titulación do centro nas que se introducirá a metodoloxía no curso académico 2024/2025.

Na liña C, as solicitudes deben indicar as características do recurso didáctico.

Os centros poderán presentar ata dúas solicitudes entre as diferentes liñas.

IV. DOTACIÓN ECONÓMICA

Os fondos destinados a esta convocatoria son os seguintes:

- > 42.000 € con cargo ao Convenio I+D+i da Xunta de Galicia 2024.
- > 10.000 € e irá con cargo ás partidas orzamentarias 2024 00FP 121DINE 22 e 2024 00FP 121DINE 23.

A distribución do orzamento proxectos pode variar en función da calidade das solicitudes presentadas.

V. PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN COS PROVEDORES/AS

Na liña A, os equipos decanais das facultades ou equipos directivos das escolas presentarán as súas necesidades de virtualización á Área de Formación e Innovación Educativa que contratará os servizos cos provedores/as para o desenvolvemento dos proxectos concedidos.

Nas liñas B e C, os equipos decanais das facultades ou equipos directivos das escolas presentarán os orzamentos á Área de Formación e Innovación Educativa en forma de facturas proforma e a área contratará os servizos coas empresas proveedoras.

VI. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

Os equipos decanais das facultades ou equipos directivos das escolas presentarán as solicitudes na sede electrónica da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal/>) a través do procedemento Instancia xenérica (PDI/PAS), co formulario engadido, que irá dirixido ao Centro de Posgrao e Formación Permanente. O formulario tamén se pode descargar en <https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/convocatoria/public/show/1381>.

O prazo de presentación de solicitudes comezará o día seguinte da publicación desta convocatoria ata ás 23:59 horas do 13 de setembro de 2024.

VII. SELECCIÓN E RESOLUCIÓN

As solicitudes serán revisadas e valoradas en réxime de concorrência competitiva pola comisión específica formada por:

- > Alfonso Lago Ferreiro. Vicerreitor de Titulacións e Innovación Docente.
- > Fernando Cerdeira Pérez. Director do Centro de Posgrao e Formación Permanente.
- > Susana Magadán Mompó. Subdirectora de Posgrao do Centro de Posgrao e Formación Permanente.
- > María de los Ángeles Villar Lemos. Técnica superior da Área de Formación e Innovación Educativa.

A comisión poderá consultar con persoas expertas en cada unha das temáticas.

Na selección terase en conta tanto a calidade da proposta como o ámbito de aplicación (número de titulacións, materias e estudantes) así como a avaliación e seguimento.

O Centro de Posgrao e Formación Permanente publicará a listaxe provisional dos proxectos

seleccionados. Os proxectos serán susceptibles de ser modificados para adaptalos aos fondos dispoñibles.

As persoas interesadas disporán dun prazo de tres días hábiles contados a partir do día seguinte á publicación da resolución provisional para achegar alegacións. Estas presentaranse na sede electrónica da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal/>) a través do procedemento Emenda e mellora das solicitudes e irá dirixido ao Centro de Posgrao e Formación Permanente.

Revisadas as emendas pola comisión específica, o Centro de Posgrao e Formación Permanente publicará a proposta de resolución definitiva de proxectos concedidos e denegados no Taboleiro de anuncios da sede electrónica da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal/public/bulletin/bulletin-index.xhtml>).

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte ao da súa publicación (ou desde o día seguinte de recibir esta notificación), de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación (ou desde o día seguinte de recibir esta notificación), perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

VIII. OBRIGAS

Os equipos decanais das facultades ou equipos directivos das escolas comprométese a participar de forma activa no desenvolvemento do proxecto e a realizar o seguimento dos indicadores que permitirán analizar o impacto na aprendizaxe do estudantado do centro.

Os equipos decanais das facultades ou equipos directivos das escolas achegarán toda a documentación xustificativa do proxecto á Área de Formación e Innovación Educativa da Universidade de Vigo (cpfp.innovacion@uvigo.gal).

Os equipos decanais das facultades ou equipos directivos das escolas terán que enviar a cpfp.innovacion@uvigo.gal a memoria do Anexo II antes do 15 de decembro. Nela indicaranse os obxectivos acadados.

Os centros que opten pola xeración de cursos de autoformación (Liña C) terán que ceder os cursos para que estean dispoñibles na plataforma Moovi.

IX. REVISIÓN

Se despois de analizar a memoria do Anexo II existise algunha desviación entre o concepto solicitado e o uso da axuda, a Comisión podería solicitar a devolución da axuda.

X. CONSULTA DE INFORMACIÓN

Se precisa información sobre esta convocatoria pode solicitala en:

Área de Formación e Innovación Educativa
cpfp.innovacion@uvigo.gal

986 812 035

XI. PROTECCIÓN DE DATOS

De acordo co disposto no artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento Xeral de Protección de Datos ou “RXPd”) e co disposto no artigo 11 da Lei orgánica 3/2008, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, informámoslle que os datos que vostede nos facilite na solicitude, serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade de Vigo, coa finalidade de tramitar os proxectos piloto de innovación docente amparados a esta resolución.

Coa participación nesta convocatoria as persoas interesadas autorizan á Universidade de Vigo para a publicación dos seus datos, de acordo cos principios de publicidade e transparencia, cando así se derive da natureza desta convocatoria.

Estes datos trátaranse durante o tempo imprescindible para cumprir coa finalidade e serán conservados durante o prazo necesario para determinar as posibles responsabilidades que se puideran derivar de dita finalidade e do tratamento dos datos.

Vostede ten dereito a solicitar á persoa responsable de tratamento, en calquera momento, o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a oporse ao devandito tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poderes públicos, a portabilidade dos seus datos.

Os devanditos dereitos poderá exercelos a través da sede electrónica da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal/>) preferentemente a través do procedemento específico SXER-Exercicio dereitos de protección de datos ou mediante solicitude dirixida ao Reitor da Universidade de Vigo e presentada ante as Oficinas de Asistencia en Materia de Rexistro da Universidade de Vigo ou calquera dos rexistros ou oficinas de correos indicados no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e remitida á Secretaría Xeral da Universidade de Vigo, Campus universitario Lagoas-Marcosende, 36310 Vigo (Pontevedra). Para máis información: <https://www.uvigo.gal/proteccion-datos>.

Igualmente poderá dirixir dita solicitude ao Delegado de Protección de Datos da Universidade de Vigo, ao correo electrónico: dpd@uvigo.gal.

Así mesmo, vostede terá dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

ANEXO I

PROXECTOS PILOTO DE INNOVACIÓN DOCENTE EN FACULTADES E ESCOLAS DA UNIVERSIDADE DE VIGO 2024

IMPRESO DE SOLICITUDE

Centro que solicita o proxecto

Coordinador/a do proxecto (persoa da dirección do centro)

> Apellidos

> Nome

> NIF

> Correo

> Telf. móvil

Equipo de traballo

Apellidos

Nome

DNI

Correo

Información sobre o centro

> Titulación participante

> N° aproximado de docentes que participarán no proxecto

> Perfil dos/as docentes

> N° aproximado de estudantes que participarán no proxecto

Liñas de traballo

- ☐ A. Virtualización en Metaverso de actividades académicas e formativas dos centros da Universidade de Vigo.
Os obxectivos de proxecto estarán directamente relacionados coas necesidades de virtualización que teña o centro.
As solicitudes non poderá superar os 12.500 €.
-
- ☐ B. Implantación de metodoloxías activas como a aula invertida, aprendizaxe baseado en proxectos, casos prácticos, traballo colaborativo, docencia baseada nas tecnoloxías dixitais e comunicación...
Os conceptos para solicitar a axuda serán directamente relacionados coas metodoloxías docentes a desenvolver: cursos de formación do profesorado do centro, conferencias, obradoiros, recursos educativos (software e hardware) para as actividades formativas...
Non se considera subvencionable o material inventariable de tipo informático xeral.
As solicitudes non poderán superar os 5.000 € por centro.
-
- ☐ C. Xeración de recursos didácticos para inserir a sostibilidade nas materias do currículo.
As solicitudes non poderán superar os 6.000 € por centro.

CUBRIR EN CASO DE ELECCIÓN DAS LIÑAS A E B:

Na Liña A: Elección da estratexia de innovación docente que vertebrará o proxecto piloto do centro (xustificación da innovación no centro, adecuación á titulación/s do centro, beneficios no estudantado...).

Na Liña B: Necesidades de virtualización do centro (xustificación adecuación á titulación/s do centro, beneficios no estudantado).

Plan de traballo

> Materias da titulación incluídas no proxecto piloto

> Como se consegue a cohesión das materias da titulación?

> Actividades, recursos, materiais a desenvolver

> Fases, cronograma de implantación

> Inclusión de profesorado novel

Orzamento de gastos para o desenvolvemento do proxecto

> Xustificación do orzamento: necesidades formativas, recursos, medios para desenvolver o proxecto

> Orzamento

Concepto	Unidades	Contía
Total		

Seguimento e avaliación do proxecto (indicadores e evidencias da mellora dos resultados de aprendizaxe e rendemento académico)

Impacto esperado do proxecto

Materias do centro ás que podería estenderse o proxecto no seguinte curso académico

CUBRIR EN CASO DE ELECCIÓN DA LIÑA C

Descrición do MOOC sobre sostibilidade

Información

> Resultados de aprendizaxe

> Formatos empregados (vídeo, texto, son...)

> Actividades de aprendizaxe a desenvolver

> Actividades de avaliación

> Docentes (currículo de como máximo 5 liñas)

Orzamento de gastos para o desenvolvemento do proxecto

> Xustificación do orzamento:

--

> Orzamento

Concepto	Unidades	Contía
Total		

Seguimento e avaliación do proxecto (indicadores e evidencias da mellora dos resultados de aprendizaxe e rendemento académico)

--

Impacto esperado do proxecto

--

Sinatura dixital da persoa solicitante

ANEXO II

CONVOCATORIA DE PROXECTOS PILOTO DE INNOVACIÓN DOCENTE EN CENTROS DA UNIVERSIDADE DE VIGO 2024

Enviarse antes do 15 de decembro de 2024 a cpfp.innovacion@uvigo.gal.

Persoa solicitante

Apelidos

Nome

MEMORIA DO PROXECTO

Resumo do plan de traballo que se desenvolveu, análise de indicadores ou enquisas realizadas para valorar o impacto do proxecto piloto no estudantado. Incluirase se houbo algunha desviación respecto da planificación inicial.

Valoración das posibles accións futuras no centro a partir dos resultados obtidos.

Sinatura dixital da persoa solicitante